



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA XOVES 29 DE DECEMBRO DE 2022.

Visto que remata a anualidade contable faise necesario proceder ao recoñecemento das obrigas e liquidacións correspondentes ao exercizo 2022 con anterioridade ao 31 de decembro para os efectos de evitar procedementos extraordinarios e retrasos innecesarios.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e no Decreto deste Alcalde número 419/2019, do 18 de xuño,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión extraordinaria da **Xunta de Goberno Local** para:

- ➔ Día: xoves 29 de decembro de 2022.
- ➔ Hora: 10:00.
- ➔ Lugar: Salón da Alcaldía da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. APROBACION DE FACTURAS E GASTOS
2. APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS REPARADOS SUSPENSIVAMENTE POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL
3. APROBACION DE FACTURAS E GASTOS DE EJERCICIOS ANTERIORES
4. XUSTIFICACIÓN DO PAGO A XUSTIFICAR CONCEDIDO Á TRABALLADORA SOCIAL DONA ALICIA FIGUEIRAS IGLESIAS, SENDO ELA MESMA A HABILITADA PERCEPTORA DOS FONDOS, PARA CUBRIR NECESIDADES BÁSICAS E URGENTES DAS UNIDADES FAMILIARES QUE POLA SÚA PRECARIIDADE ECONÓMICA O POIDAN PRECISAR.
5. ORDENACIÓN DE PAGOS Nº 26/2022.
6. XUSTIFICACIÓN Nº 1 DO ANTICIPO DE CAIXA FIXA 2022.
7. DOTACIÓN ECONÓMICA AO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL MIXTO. 2 FINAL
8. DOTACIÓN ECONÓMICA AO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DO CONCELLO DE PADRÓN, ANUALIDADE 2022.
9. LIQUIDACIÓN DO I.C.I.O. E DA TAXA E.L.U. DA LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE NAVE INDUSTRIAL ACAROADA DESTINADA A ALMACÉN DE PEDRA EN PARCELA 45 DO POLÍGONO EMPRESARIAL DE PAZOS, EXPEDIENTE 2022/U022/000007
10. LIQUIDACIÓN DA LICENZA PARA ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DA VÍA PÚBLICA NO GARAXE UBICADO NA AVENIDA DE COMPOSTELA 17, FORMULADA POR DONA YAIZA DEL CARMEN CORTIZO ALMEIDA, EN REPRESENTACIÓN DE PROINCOR, PROMOCIONES INMOBILIARIAS CORTIZO SL.

11. LICENZA MUNICIPAL DE SEGREGACIÓN DE PARCELA SITA NO LUGAR DE IRIA, EXPEDIENTE 2019/U018/000003

12. LIQUIDACIÓN DO I.C.I.O. E DA TAXA E.L.U. DA LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE NAVE INDUSTRIAL ADICADA A ENSAIOS DE PERFÍS DE ALUMINIO E INSTALACIÓN DE 10 SILOS PARA PVC EN PARCELA SITA NO POLÍGONO DE PICUSA, EXPEDIENTE 2022/U022/000012.

13. LIQUIDACIÓN DO I.C.I.O. E DA TAXA E.L.U. DA LICENZA MUNICIPAL DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA EN PARCELA SITA NO LUGAR DE PEDROSO DO NORTE, SANTA MARÍA DE CRUCES, EXPEDIENTE 2022/U022/000001

14. ROGOS E PREGUNTAS

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Antonio Fernández Angueira